



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SESIÓN ORDINARIA DE 27 DE ABRIL DE 2.007

Na Casa do Concello de Outeiro de Rei, sendo as doce horas e dez minutos do día vinteseite de abril de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio Varela Rodríguez, D. José Espiño López, D. Serafín Vázquez Arias, D. Manuel Fraga Martínez, D. Jesús Fernández García, D. Cesáreo Trigo Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D. Manuel Varela Granda, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa maioría, có obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Non asiste o Sr. Concelleiro D. Xoán Manuel Tubío Fernández.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 23 DE FEBREIRO DE 2007.

Ponse de manifesto os membros da Corporación o acta da sesión plenaria celebrada o pasado día 23 de febreiro de 2007, cuxa copia se remitiu os Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación do citado acta. Realizada a votación, o acta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS.

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario da Corporación dá conta sucinta do contido e alcance da rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

A continuación, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Rectificar o inventario municipal e bens e dereitos, mediante a realización das seguintes inscricións rexistras:

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 29

POLÍGONO EMPRESARIAL A AREEIRA – FASE UNO-

NOME: INFRAESTRUCTURAS ELÉCTRICAS



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

NATURALEZA DO INMOBLE:

Patrimonial

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: POLÍGONO EMPRESARIAL DE A AREEIRA –FASE UNO-

Lindeiros:

Norte, parcela 1.5.4 propiedade de Josefa Redondo Castiñeira

Sur: carretera de Castro

Este: vial municipal

Oeste: parcelas fora do polígono

SUPERFICIE: 578,74 m².

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de compensación aprobado definitivamente con data de 6 de setembro de 2006.

CARGAS: Cesión de uso a BEGASA, mediante decreto de fecha de 27 de outubro de 2006, en cumprimento do artigo 47.5 do Real Decreto 1955/2000, regulador de las actividades de transporte y distribución de energía eléctrica. Objeto del uso: construcción de un centro de reparto.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 41

SAN MARTÍN DE GUILLAR

NOME: PORCIÓN VIAL EN CORTIÑA DE SAN MARTIÑO – SAN MARTIÑO DE GUILLAR

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTIÑO DE GUILLAR

Núcleo/lugar: SAN MARTIÑO DE GUILLAR

Lindeiros: NORTE: Antonio Illán Fernández e en parte, camiño de Alvite a Guillar; SUR: Finca matriz (parcela 272, polígono 65); ESTE: Emilio Díaz Alvarellos e ao OESTE: José Beloy Rajal e Jesús Basanta Barro.

SUPERFICIE: 36,45 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 27 de marzo de 2.007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 42

GAIOSO

NOME: PORCIÓN VIAL EN FINCA “MANGUEIRO” - GAIOSO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: GAIOSO

Núcleo/lugar: GAIOSO

Lindeiros: NORTE: En liña exterior con Estrada de Rábade a Begonte, por Gaioso, e noutra interior con terreo de Herdeiros de Enrique Darriba, hoxe parcela 508 de José Darriba; SUR: parcelas 482 de José Darriba e 508 de Herdeiros de Enrique Darriba; hoxe parcela 490; ESTE: Parcela número 492 de Visitación Castiñeira, hoxe Estrada de Rábade a Begonte, por Gaioso e ao OESTE: Finca matriz.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SUPERFICIE: 88,40 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 20 de marzo de 2.007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 43

CANDAI

NOME: PORCIÓN VIAL EN “FINCA DAS CORTIÑAS”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CANDAI

Núcleo/lugar: CANDAI

Lindeiros: NORTE: Parcela segregada (parcela 1, polígono 39); SUR e OESTE: Con camiño; e ao ESTE: Parcela nº 5 do polígono 39.

SUPERFICIE: 272 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 9 de marzo de 2.007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

PORCIÓN VIAL Nº 44

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN “REVOLTA E DE PICOS” OU “AS REVOLTAS”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: ROBRA

Lindeiros: NORTE: Parcela D, procedente de igual finca matriz; SUR: Parcela 365; Este, camiño e OESTE: Finca matriz.

SUPERFICIE: 76,88 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 22 de febreiro de 2.007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 45

OUTEIRO DE REI

NOME: PORCIÓN VIAL EN PARCELA 28.37.2.14

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: OUTEIRO DE REI

Lindeiros: NORTE: Labradío de Herdeiros de Juan Díaz e fai vértice coa pista que vai a Socovesa, SUR: Con máis dos de Ramón López; ESTE: Coa Estrada Xeral, nunha fronte de cento catorce metros e OESTE: Coa finca matriz .

SUPERFICIE: 2.116 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 19 de marzo de 2.007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL N° 46

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN “CANTO DO AGRO”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: CONSTANTE

Lindeiros: NORTE: Parcela segregada (parcela 163, polígono 80), Antonio Hernández, polígono 80, parcela 295; SUR: outra de María Carmen Vázquez Hortas, polígono 80, parcela 297; ESTE: camiño e OESTE: Coa antiga finca matriz.

SUPERFICIE: 69,80 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 2 de marzo de 2.007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 47

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN “PRADO DA ZARRA”

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MOSTEIRO

Lindeiros: NORTE: Finca matriz (parcela 186, polígono 88); SUR: Nunha lonxitude de vinte e cinco metros e dous centímetros, con camiño público; ESTE: Coa parcela 7 nunha lonxitude de noventa e cinco metros e vinte centímetros e OESTE: Nunha lonxitude de noventa e nove metros e trinta e sete centímetros coa parcela 5.

SUPERFICIE: 63,00 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 19 de marzo de 2.007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta”

Efectuada a votación da proposta de resolución, dita proposta de resolución resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

3. MOCIÓNS

Non se presentaron mocións a incluír neste punto da orde do día.

4. ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación da lectura en viva voz ou escrito de preguntas presentado por don Xosé Manuel Tubío Fernández e don Arcadio Lombao Román, en representación do Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 27 de abril de 2007 e número de asento 318, que a continuación se transcribe:

“XOAN MANUEL TUBÍO FERNÁNDEZ E ARCADIO LOMBAO ROMAN, como concelleiros integrantes do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa contestación no pleno ordinario do 27 de abril de 2.007.

PREGUNTAS

1.- Quen é o titular, ou quen promove a obra de excavación de zapatas que se está a levar a cabo na Parcela industrial de Matela, promovida por Inoxidables de Rábade. Concretamente na zona verde que contemplaba o plan parcial aprobado no pleno do 17 de marzo de 2.003?

2.- Cales son as características da obra, e a súa finalidade?

3.- Temos recibidos queixas de vecinos, a respecto do clube de Campo de Tiro de Bonxe. Parece ser que cando hai competicións de tiro neste clube, os platos e os perdigóns rebasan o recinto do mesmo, incluso chegando aos camiños colindantes. O concello coñece estas queixas?

4.- Verificouse se é certo que isto ocorre?

5.- Revisouse a normativa que regula estas actividades e comprobouse se este clube as cumpre?

6.- Ten previsto o concello tomar algunha medida correctora desta situación?

Oueiro de Rei, a 27 de abril de 2.007

Asdo: Xoán M. Tubío Fernández = Asdo.: Arcadio Lombao Román”

A continuación, o sr. Pardo Lombao, en calidade de Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, resposta:

En contesta á primeira das preguntas formuladas, expón que o promotor é LUSLIMA, única empresa que concorriu ao concurso aberto mediante a publicación no BOP de data de 17 de xuño de 2006.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

As obras consisten na execución dun centro de interpretación, divulgación e produción de enerxías renovables de acceso e uso público e gratuito, que consistirá na colocación de seguidores solares con placas fotovoltaicas, oa igual que o do CEAO, se ben se incluírá un recorrido didáctico, con paneles explicativos, que explicarán o funcionamento destas tecnoloxías, o aforro equivalente en emisións de CO2 e su incidencia sobor o efecto invernadeiro.

Ao mesmo tempo, as obras comprenden a execución da obra eléctrica necesaria para garantir o suministro de enerxía eléctrica ás parcelas dotacionais, zona verde e parcela industrial.

O Concello de Outeiro de Rei, ademáis da posesión do centro de interpretación, ingresará 70.000 euros en concepto de canon, a cesión das instalacións eléctricas para as citadas parcelas, que BEGASA valorou en 47.000 euros máis o IVA, e a titularidade da explotación durante os 10 últimos anos de produción primada polo Estado, que, se valoran noutros 400.000 euros, sen ter en conta as subas das tarefas.

En contesta á segunda das preguntas formuladas, insta ao sr. Secretario da Corporación a lectura en viva voz, do escrito da Intervención Central de Armas e Explosivos da Dirección Xeral da Garda Civil, e do seguinte teor literal:

“ASUNTO: Autorizando Campo de Tiro al Club de Tiro de LUGO

Con esta fecha se participa a D. JOSE M^a CASTRO VÁZQUEZ, Presidente del Club de Tiro de Lugo, lo siguiente:

“En relación a su instancia de la referencia, en la que solicita autorización para la utilización de un Campo de Tiro, sito en Bonxe, término municipal de Otero de Rei (Lugo), para prácticas de tiro al plato y pichón por los socios de ese Club; he resuelto AUTORIZAR dicho Campo, de acuerdo con las facultades que me han sido conferidas en los artículos 25 y 27 del vigente Reglamento de Armas, una vez verificado que el citado Campo de Tiro, cumple los requisitos necesarios y reúne las debidas condiciones de seguridad”.

Lo que traslado a V. para su conocimiento y efectos.

Dios guarde a V. Muchos años.

Madrid, 6 de marzo de 1.985

EL CORONEL JEFE,

Firmado: Enrique Ruiz Rodríguez ”

Rematada a lectura, o sr. Pardo Lombao engade que, como se pode ver, o campo de tiro reúne os permisos necesarios para o desenrolo da actividade e, de conformidade co escrito da Intervención Central de Armas, cumpre a normativa correspondente, xa que, de non ser así, nunca se outorgaría a correspondente autorización.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Afirma que coñece a sensación que produce o ruído dos perdigóns, cando caen sen forza e petan contra as follas das árbores. Comprende que a unha persoa sen experiencia no manexo de armas de fogo pode asustarlle.

Non obstante, para evitar isto, plantouse unha barreira vexetal que, cando medre, atenuará moito este efecto sonoro.

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación da lectura en viva voz oa escrito de preguntas presentado por don Manuel Varela Granda, en representación do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 27 de abril de 2007 e número de asento 327, que a continuación se transcribe:

“O concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación o punto 5º da Orde do Día do Pleno da data:

1ª.- A vista do sucedido estes días, despois da denuncia feita pola nosa agrupación gustaríanos preguntarlle ó señor alcalde ¿Porqué despois da anulación feita polo instituto nacional de estadística en 50 altas de presos da cárcere de Bonxe o non informar ós reclusos do procedemento de oficio feito polo concello cando así o esixe a lei, non revisou o proceder levado a cabo no concello de maneira irregular e informou o resto de empadroados polo mesmo sistema? ¿porqué agardou ata que, gracias a nosa denuncia, se llo volvese a existir o INE, sabendo que se foran datos de alta da mesma forma e, seguramente ca mesma irregularidade? ¿por qué di públicamente que se sente perseguido e aí manipulación cando o único que fixo a nosa agrupación foi denunciar unhas irregularidades recoñecidas públicamente por vostede? ¿non di a a lei que o concello e quen ten que comunicarlle o veciño o procedemento en cuestión, entón de que é a responsabilidade deste grave erro señor Pardo?

2ª ¿Podería concretar o señor alcalde unha fecha para aposta en marcha do servizo municipal de gradería no noso concello? Xa que no pleno do 27 de outubro do 2006 o señor alcalde dixo (... como exemplo desta vontade municipal de mellora e ampliación dos servizos municipais, pode verse a inminente finalización das obras da guardería, que tamén se integran nos servizos sociais) ¿cando se equipara a gardería, con que orzamento se se conta para a o equipamento da mesma? Cal e ou será o presuposto anual para o seu funcionamento, existe ou se está a preparar un proceso de selección de persoal para a mesma? Xa que fai uns días, concretamente o pasado venres 20 de abril deste ano o concello sacou un especial sobre o noso concello, moi bonitoño todo hai que dicilo, o periodico conta que “la demanda de este servizo se conoce por los resultados de una encuesta realizada hace ya tres años por el propio organismo local”. O señor Pardo dicía “hoxe, se cabe hai máis demanda que daquela por que hai mais xente xoven vivindo nesta ubanización e as necesidades cambiaron” entón poderíamos dicir o porque da tardanza na execución e posta en marcha da mesma, funcionara para o vindeiro curso escolar e se é así porque un dos servizos mais demandados no concello según a ultima enquisa realizada fai tres anos se tardara en ter outro ano mais, ousexa 4 anos?



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

3ª.- ¿E co coñecedor o señor alcalde da curiosa coincidencia, a chegada dos comicios electorais, no aumento exponencial do reasfaltado das pistas veciñais? ¿e do alumado público? ¿Esta tan sabida e coñecida argucia electoral de tempos pasados, usouso algunha vez neste concello? ¿pode despexar as nosas dúbidas o respecto o grupo de goberno?

4ª.- ¿E coñecedor vostede señor da alarma social creada entre os veciños de San Martiño pola instalación dunha antena na proximidade das súas casas? ¿qué ten pensado facer o respecto?, ¿cal e a situación do expediente da mesma?, ¿O final vaise ou non se vai ubicar a torreta de telefonía mobil nese lugar?.

5ª.-- ¿Qué máximo de vivendas privadas e urbanizacións pode abarcar o actual plan xeral de ordenación municipal? ¿Está previsto un novo pxom para o concello nos próximos dous anos, e necesario e se non e así canto tempo, cree vostede, ten que pasar para que sexa necesario? ¿non e certo que ca actual lei do solo seria necesario telo xa feito? Si e así ¿ a que espera para facelo?.

En Outeiro de Rei a 27 de abril de 2.007

Asdo: Manuel Varela Granda”

En resposta á primeira pregunta, puntualiza o sr. Pardo Lombao o seguinte:

En ningún momento dixo que se sentía perseguido, xa que é do pensar de que a oposición pode dicir o que quera sempre que non se insulte aos demáis.

Por outra banda, as acusacións e declaración feitas neste tema polo PSOE ropostan á práctica habitual deste partido de dicir verdades a medias ou de mentir.

Así, recórdalle ao concelleiro da oposición que o INE non anulou ningunha alta padroal, senón que o fixo o Concello a instancias do INE.

Por outra banda, non tampouco é certo que o INE actuase a raíz da denuncia, senón que as únicas actuacións do INE feitas ata o momento, consistiron no requerimento que se fai automaticamente aos concellos que incrementan o seu padrón por riva do 2%, e dito requerimento foi moi anterior á presentación da denuncia.

En relación ao anuncio da Directora Xeral de Institucións Penitenciarias, Mercedes Gallizo, de que se preguntaría a cada preso ónde quería estar censado, unicamente cabe expresar a preocupación xerada polo feito de que un alto cargo da Administración Xeral do Estado descoñeza manifestamente o alcance dos feitos e obrigacións dos internos nos centros penitenciarios ao seu cargo.

En relación con dito anuncio debe recordarse o seguinte:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O artigo 15 da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, dispón literalmente que *“Toda persona que viva en España está obligada a inscribirse en el Padrón del Municipio en el que resida habitualmente. Quién viva en varios municipios deberá inscribirse únicamente en el que habite durante más tiempo al año”*.

Engade o artigo 17.1 do mesmo texto legal que *“la formación, mantenimiento, revisión y custodia del Padrón municipal corresponde al Ayuntamiento, de acuerdo con lo que establezca la legislación del Estado.*

Con este fin, los distintos organismos de la Administración General del Estado, competentes por razón de la materia, remitirán periódicamente a cada Ayuntamiento información sobre las variaciones de los datos de sus vecinos que con carácter obligatorio deben figurar en el Padrón Municipal, en la forma que se establezca reglamentariamente”.

Polo tanto, a Directora Xeral de Institucións Penitenciarias, Mercedes Gallizo, debería saber:

- Que o empadroamento é un deber para tódolos cidadáns, non unha opción.
- Que a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias debería remitir periódicamente informe sobor os residentes no centro penitenciario de Bonxe, así como das variacións mensuais.
- Que ata o momento, o Centro Penitenciario de Bonxe incumplíu o deber de información previsto no citado artigo 17.

En relación as acusacións de manipulación do censo polo Concello de Outeiro de Rei, debe recordarse que o artigo 30 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, establece literalmente que:

La oficina del Censo Electoral tiene las siguientes competencias:

a.Coordina el proceso de elaboración del Censo Electoral y con tal fin puede dirigir instrucciones a los Ayuntamientos y consulados, así como a los responsables del registro civil y del registro de penados y rebeldes.

b.Supervisa el proceso de elaboración del Censo Electoral y a tal efecto puede inspeccionar los Ayuntamiento s y consulados.

c.Controla y revisa de oficio las altas y las bajas tramitadas por los órganos competentes y elabora un fichero nacional de electores.

d.Resuelve las reclamaciones contra las actuaciones de los órganos que participan en las operaciones censales y en particular las que se plantean por la inclusión o exclusión indebida de una persona en las listas electorales. Sus resoluciones agotan la vía administrativa.”



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Do que se deriva que o concello non ten capacidade para manipular o censo electoral, xa que está baixo a permanente supervisión e inspección do Instituto Nacional de Estadística.

En relación á declaración de Lago Lage, asegura que non entende cómo un Senador diga un día que vai denunciar os feitos ao Ministerio Fiscal, e o día seguinte, diga que non, porque é bastante pouco serio, e transmite unha imaxe distorsionada aos cidadáns de inseguridade.

Pero é máis grave que, a primeira actuación do novo candidato á Alcaldía polo PSOE atente frontalmente contra os intereses económicos do Concello de Outeiro de Rei, xa que a participación do concello nos tributos do Estado calcúlase en función da poboación municipal.

E unha cuestión de xustiza que o Centro Penitenciario xenere algún recurso ao Concello de Outeiro de Rei, dado que estas instalacións implican fortes custes de prestacións de servizos para o concello, sen que, nin tan sequera, o Centro Penitenciario esté suxeito ao pago do Imposto de Bens Inmóveis.

Asegura que aquí nunca se manipulou o censo electoral, nin tan sequera se promoveu dende o concello o voto por correo, a diferenza doutro partido político que andan a mercar votos por América.

O incumprimento do deber de empadroarse aos internos do Centro Penitenciario de Bonxe implica, para o Concello de Outeiro de Rei, unha perda de recadación anual de 52.000 euros, que, implica para cada veciño do termo municipal, unha carga de 2000 pesetas por habitante e ano.

E pregunta ao candidato do PSOE, ¿está disposto a poñer él esos cartos do seu peto?.

Esta denuncia incardínase nunha liña de actuación do PSOE contra o PP a nivel nacional. Únicamente basta ver o que sucedeu coa denuncia de Melilla, que o xuíz arquivou as actuacións aos catro días.

Recomenda que se envía ao Ministerio Fiscal a investigar outras actuacións que o merezan, coma as comisións pagadas en Ibiza de millón e medio de euros a empresas vencelladas a Roldán.

Intervén o sr. Varela Granda, para dicir que non se fala de que non teñan que estar empadroados, senón que se sega o procedemento establecido.

O sr. Pardo Lombao lamenta que a memoria histórica do PSOE unicamente abrangue os tempos de fai 60 ou 70 anos, e non de 12 ou 14 anos.

A prisión de Bonxe recibiu un requerimento do Concello de Outeiro de Rei para efectuar as notificacións pertinentes, xa que os funcionarios do concello non poden



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

acceder aos internos. A día de hoxe, tal requerimento non foi contestado. E seguramente a culpa non é dos funcionarios do centro, senón das altas instancias; Institucións Penitenciarias, que poñe trabas deliberadamente.

En resposta á segunda pregunta, alega que nunca dixo que fora o servizo máis demandado. O que sucedeu é que, antes de por en marcha a construción da gardería, fixemos unha enquisa para coñecer a demanda real, nun lóxico exercizo de responsabilidade.

As obras se cofinancian en tres anos pola Xunta de Galicia, e en tres anos se executan as obras.

Agora fai falla dotar de equipamento e mobiliario á instalación, e para iso se solicitou da Xunta de Galicia unha achega económica. A día de hoxe non tivemos resposta. Non obstante, aínda que non teñamos axuda da Xunta, o equipamento adquirirase igualmente, porque o orzamento xeral do concello pode asumir a adquisición de dito mobiliario, pero sería inxusto que uns concellos obtivesen financiación da Xunta para este fin e outros concellos non. Non se está a dicir con isto que a Xunta esté demorando máis da conta a resposta, senón que estamos a esperala.

Por outra banda, non se pode esquecer que a gardería municipal ubícase no chan dotacional dunha urbanización residencial en proceso de execución, polo que débese esperar a que se rematen as obras de execución dos servizos urbanísticos correspondentes.

Non obstante, comprométome a que no próximo curso se inicie a prestación do servizo.

En resposta á terceira pregunta, asegura que, ou presentan esta pregunta porque non se enteran de nada, ou porque teñen mala intención.

Fai tempo, nos tempos nos que gobernaba o PP na Xunta de Galicia, asinou un convenio coa Consellaría do Medio Rural, para asfaltar camiños, por unha contía de 156.000 euros, aproximadamente. Coa chegada do bipartito, a Consellaría anulou os convenios da totalidade dos concellos galegos.

Despois de varias presións, despois de votar aos Alcaldes do Parlamento de Galicia mediante engano, ao máis puro estilo de rexímenes como Cuba, Rusia ou China, voltaron atrás, volveuse a asinar un convenio (eso sí, con 6000 euros menos), máis ou menos en marzo ou abril do ano 2006, e todavía agora se están a facer as obras.

A maiores, o Concello de Outeiro de Rei está a facer camiños con cargo a fondos propios mediante contratación externa, ao que temos que engadir as actuacións usuais do servizo municipal de camiños, que actúa durante todo o ano.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Polo tanto, non é que o concello esté a obrar por mor das eleccións, senón que estase a facer o mesmo que se fai sempre e, incluso, cun gasto orzamentario menos que no ano anterior.

Por outra banda, as obras da Carretera de Castro aínda se van empezar agora pola Xunta de Galicia.

Con respecto á pregunta do alumeado público, as insinuacións verquidas na mesma son mentira, xa que o Concello de Outeiro de Rei, dende fai anos, segue un criterio estricto: A tódolos veciños do concello póneselles un foco para prestarlle o servizo de alumeado público na fronte da súa casa ao vial público.

En resposta á cuarta pregunta, insta ao sr. Secretario do Concello de Outeiro de Rei, que dé sucinta conta dos trámites realizados.

O Secretario do Concello relaciona os seguintes trámites realizados:

- Orden de paralización e legalización, enviadas a Lucusdat (contratista de la obra) e Vodafone (promotor e titular da instalación), asinadas o pasado día 23 de febreiro de 2007, con data de rexistro de saída de 23 de febreiro de 2007 e número de rexistro 240 e 238.
- Orden de suspensión de suministro de enerxía eléctrica, enviada a BEGASA,), asinada o pasado día 23 de febreiro de 2007, con data de rexistro de saída de 23 de febreiro de 2007 e número de rexistro 241.

Volta a intervir o sr. Pardo Lombao, que sinala que se adoptaron tódalas medidas legais posibles sen perxuízo de que, no seu momento, se deba ou non dar a licenza urbanística correspondente.

Recorda que o Concello de Outeiro de Rei sempre está do lado dos veciños cumprindo a legalidade.

En resposta á quinta pregunta, advírtelle ao sr. Varela Granda que, a estas alturas, debería coñecer a normativa urbanística municipal ao igual que él, xa que as Normas Subsidiarias son públicas e se atopan en vigor dende o ano 1992. Ese descoñecemento implica que o concelleiro do PSOE non cumpre coas súas obrigacións.

Moitas veces se plantexaron neste Pleno polémicas sobor o PXOU, e aquí se acaba de ratificar que esta polémica unicamente se plantexaba dende o descoñecemento do que se falaba.

Pode ser conveniente ou non facer un novo Plan Xeral, sempre que se subvencione a redacción do novo plan dende a Xunta de Galicia. E este goberno autonómico, despois de dous anos gobernando, aínda non convocou subvencións para este fin.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Por outra banda, ten serias dúbidas de que se poida facer, coa normativa vixente, un novo Plan que poida beneficiar aos veciños en comparación coas condicións urbanísticas do actual.

En relación coa necesidade de adaptación do pleneamento á actual lei do solo, asegura que dita Lei do Solo se aprica escrupulosamente neste termo municipal, xa que para a súa aplicación non é necesario a aprobación dun novo plan xeral.

Engade que lle preocupa seriamente os anuncios de redacción dunha nova lei do solo, polo que, se se empezase agora a redacción dun novo plan, a metade da tramitación debería voltar a empezar.

Se é importante facer un novo Plan Xeral, máis importante é que exista un marco normativo que aporte seguridade xurídica e estabilidade. A Xunta de Galicia, coas permanentes modificacións da Lei do Solo e os continuos anuncios de reformas normativas está a trasladar unha imaxe de inseguridade permanente.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do día expresado, e da que eu, Secretario, extendo e firmo a presente acta co visto bon do sr. Alcalde-Presidente.

O Secretario,

Vº e Prace,
O Alcalde,